



# CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100  
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: [correo@valdodubra.gal](mailto:correo@valdodubra.gal)

## ANUNCIO ADHESIÓN DO CONCELLO DE VAL DO DUBRA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VAL DO DUBRA E A ASOCIACIÓN GALEGA PARA AXUDA DOS ENFERMOS CON DEMENCIA TIPO ALZHEIMER (AGADEA)

EXPEDIENTE: 2024/A006/000006

### ANUNCIO

A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente que tivo lugar o día 16 de maio de 2024, adoptou o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Aprobamos o convenio de colaboración coa Asociación Galega para a Axuda dos Enfermos con Demencia tipo Alzheimer (AGADEA), co seguinte tenor literal:

### **“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VAL DO DUBRA E A ASOCIACIÓN GALEGA PARA AXUDA DOS ENFERMOS CON DEMENCIA TIPO ALZHEIMER (AGADEA)**

En Santiago de Compostela, a xx de xx de 2024.

### **REUNIDOS**

Por unha parte,

A Excmo. Sr. Alcalde Diego Luís Díaz Méndez con DNI 78895510- N actuando en nome e representación do Concello de Val do Dubra, con CIF P1508900F.

E doutra,

Dona M<sup>a</sup> Isabel Gey Pérez, con DNI 33.225.963-W, que intervén neste acto en nome e representación da Asociación Galega para a Axuda dos Enfermos con Demencia tipo Alzheimer (AGADEA), con número de identificación social G- 15.483.498 e domicilio social na rúa Salgueiriños de Abaixo 15 - baixo,15704 Santiago de Compostela, como entidade sen ánimo de lucro (ONG) constituída no 1994 ao abeiro da lexislación, actuado como presidenta e conforme as competencias que ten atribuídas de acordo co artigo 15 dos estatutos da asociación.

Ambas as dúas partes no nome e representación que ostentan e coa capacidade legal para este acto, e as competencias que lle están legalmente atribuídas,

### **EXPOÑEN**

**Primeiro.-** Que é o desexo de ambas entidades subscribir un Convenio de Colaboración, co fin de establecer un marco xurídico e institucional axeitado para impulsar a difusión e promoción de actividades creadas por AGADEA de interese para as persoas con Deterioro Cognitivo, Alzheimer e outras demencias deste termo municipal.

**Segundo.-** Que o Concello de Val do Dubra é unha entidade de natureza pública cuns obxectivos claros de desenvolver actividades que melloren a calidade de vida e o benestar dos individuos e grupos, a través da prevención e da promoción da participación, nun trato de igualdade e sempre tendo en conta os peculiaridades de cada un deles.

**Terceiro.-** A Asociación (AGADEA) ten como fins, segundo consta nos seus estatutos:

- Prestar asistencia psicolóxica e moral ás/ós familiares das persoas enfermas de Alzheimer e outras demencias similares.
- Asesorar ás/ós familiares de persoas enfermas de Alzheimer e outras demencias, en materia legal, sociolóxica e económica.
- Proporcionar e difundir nos medios de comunicación todo o que faga referencia ó posible diagnóstico da enfermidade e terapia da mesma, co obxecto de facilitar a asistencia axeitada.



# CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100  
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: [correo@valdodubra.gal](mailto:correo@valdodubra.gal)

- Facilitar, mellorar e controlar a asistencia ás persoas enfermas, para mellorar a súa calidade de vida o máximo posible.
- Estimular os estudos sobre a incidencia, evolución terapéutica e posible etioloxía da enfermidade.
- Instar ós diversos estamentos públicos a prestar unha maior atención ás persoas enfermas de Alzheimer e as persoas cuidadoras.
- Manter os contactos axeitados con entidades e asociación adicadas ó estudio da enfermidade, dentro e fóra de España, co propósito de estar ó día nos avances científicos que se produzan nesta materia, e así poder informar ás/ós familiares.

Para a consecución destes fins, a Asociación (AGADEA) orientará a súa actividade ao logro dos seguintes propósitos, segundo os seus estatutos:

- Xestión de servizos de asesoría e orientación a familiares.
- Xestión de servizos asistenciais aos/ás propios enfermos/as.
- Actividades de difusión e sensibilización para levar ao público en xeral o coñecemento da enfermidade, as súas consecuencias e a problemática derivada desta.
- A interlocución coas administracións públicas e a participación en entidades asociativas con outras entidades que perseguen fins semellantes.

Por isto, as partes comparecentes acordan asinar o presente Convenio que se rexerá polas seguintes cláusulas:

## CLÁUSULAS

### **PRIMEIRA. Obxecto do Convenio**

Este convenio ten por finalidade o desenvolvemento de actuacións dirixidas ás persoas con deterioro cognitivo, así como as persoas con enfermidade de Alzheimer ou outras demencias en fase leve a moderada do Concello de Val do Dubra a través do Servizo específico de estimulación terapéutica para persoas con Alzheimer e outras demencias neurodexenerativas (02010102). Estas actuacións están encamiñadas á prevención e promoción da saúde, co obxecto último de mellorar a calidade de vida das persoas afectadas de deterioro cognitivo e ás súas familias/cuidadores.

### **SEGUNDA. Contido**

Obxectivos do proxecto

Persoas afectadas de Enfermidade de Alzheimer e outras demencias.

1. Contribuír á mellora da saúde e benestar psicosocial das persoas usuarias.
2. Detección precoz ante a presenza de demencias neurodexenerativas e posterior derivación ante as necesidades atopadas.
3. Retardar o avance do proceso de demencia.
4. Estimulación e rehabilitación das capacidades cognitivas e da independencia e autonomía das persoas usuarias.
5. Manter e mellorar as condicións físicas e psicomotrices das persoas participantes.

Familias- cuidadoras.

1. Proporcionar un tempo de respiro ás familias cuidadoras coa pretensión de reducir o estrés e a carga derivados do coidado.
2. Asesoramento individualizado ante a problemática derivada do coidado e posterior derivación a persoal especializado.
3. Promover unha formación e información interdisciplinar ante a complexidade das demencias.

### **TERCEIRA. Colaboración**

#### **I. POR PARTE DO CONCELLO DE VAL DO DUBRA**

- Para a colaboración na realización das actividades obxecto deste convenio, o concello de Val do Dubra facilitará a Asociación Galega para a Axuda dos Enfermos con Demencia tipo Alzheimer (AGADEA) unhas instalacións onde se poidan desenvolver as actividades que se



# CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100  
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: [correo@valdodubra.gal](mailto:correo@valdodubra.gal)

indican no proxecto. Estas instalacións estarán sitas no Centro municipal do Centro de Formación, sito na R/Corredoira Nº65 Baixo, Bembibre Val do Dubra.

## II. POR PARTE DAS PERSOAS USUARIAS

- As persoas usuarias acudirán o servizo de estimulación terapéutica ben de maneira privada ou ben a través da lei de dependencia (libranza vinculada o servizo de estimulación terapéutica ou praza pública servizo de estimulación terapéutica).
- O número máximo de persoas usuarias simultáneos é de 12 persoas.

– A admisión de persoas usuarias no servizo farase mediante solicitude aos servizos sociais do concello de Val do Dubra ou ben da entidade AGADEA. A traballadora social de referencia poñerase en contacto cos profesionais de Agadea para que procedan a valoración técnica do ou da solicitante e a realización de todos os trámites pertinentes. Se a valoración determina a idoneidade do servizo para a súa situación persoal, procederase a inclusión da persoa usuaria no servizo.

– No caso de que no momento en que Agadea emita informe positivo sobre a idoneidade do servizo, non existise praza dispoñible, elaborárase un listado de agarda. No momento de existencia de praza vacante procederán ao chamamento por orde de antigüidade.

## III. POR PARTE DE AGADEA

A posta en marcha do Servizo específico de estimulación terapéutica para persoas con Alzheimer e outras demencias neurodexenerativas nas condicións, horarios, duración e actuación que se contemplan.

A periodicidade do servizo será o seguinte:

- Luns, Martes e Mércores de 09.30 h a 13.30 h (Servizo de Estimulación Terapéutica)

Podendo chegar a facer os grupos necesarios segundo dispoñibilidade horaria e de espazo a fin de ir atendendo a demanda existente.

Esta periodicidade poderá ser ampliada cando así o acorden as partes asinantes, segundo as necesidades das persoas usuarias.

No caso de que estas instalacións deixen de ser idóneas poderase pactar o cambio de instalacións, horarios ou periodicidade por parte das institucións asinantes. Este futuro cambio tería que plasmarse nun anexo a este convenio.

Ademais a colaboración estenderase a:

- Asesoramento mutuo en cuestións relacionadas coa actividade de ambas entidades.
- Organización e execución de actividades comúns relacionadas co ámbito que lle interese a ambas partes.
- Cantas outras sexan consideradas de interese común, dentro das posibilidades das partes e das actividades que constitúen o obxecto do presente Convenio.

## CUARTA. Difusión

Ambas entidades comprométese de forma solidaria a difundir, publicitar e promocionar a presente colaboración, facendo uso das respectivas imaxes corporativas na documentación onde se reflecta dita colaboración.

O Concello de Val do Dubra admitirá e difundirá a información creada por AGADEA que se considere relevante para ambas partes, en relación ao convenio.

## QUINTA.- Confidencialidade

Ambas partes comprométese a gardar absoluto segredo respecto dos datos de carácter



# CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100  
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: [correo@valdodubra.gal](mailto:correo@valdodubra.gal)

*persoal aos que se teñan acceso en cumprimento do presente convenio, e a observar todas as previsións legais contidas na normativa de protección de datos vixente (RGPD 2016/679 e na LOPDGDD 3/2018).*

## **SEXTA. Duración do convenio**

*A vixencia do presente Convenio é de doce meses dende a súa sinatura, e poderá prorrogarse expresamente por períodos anuais ata unha duración máxima de catro anos.*

*E, en proba de conformidade, ambas dúas partes asinan este convenio por duplicado no lugar e data que expresan.”*

**SEGUNDO.-** Autorizar a concesión demanial para o uso privativo dun local no Centro municipal do Centro de Formación, sito na R/Corredoira N°65 Baixo, Bembibre Val do Dubra, en favor da Asociación Galega para a Axuda dos Enfermos con Demencia tipo Alzheimer (AGADEA) para a finalidade contemplada no convenio, sen contraprestación económica, polo prazo de doce meses dende a sinatura do convenio, mediante adxudicación directa.

**TERCEIRO.-** Facultar á Alcaldía para realizar calquera trámite en relación co presente expediente.

**CUARTO.-** Dar traslado do presente acordo á entidade beneficiaria e publicalo no Portal de Transparencia do Concello de Val do Dubra.

Val do Dubra, 20 de maio de 2024

O alcalde, Diego Luís Díaz Méndez

*Val do Dubra, naturalmente*